



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL

galicia

Escola Oficial de Idiomas de Vigo
Av. Emilio Martínez Garrido, 17
36205 Vigo (Pontevedra)
Tfno.: 986260210 - 986260261
<http://www.eoidevigo.org>
eoi.vigo@edu.xunta.gal



Curso 2021-2022

Sección Ponteareas

PLAN DE ADAPTACIÓN Á SITUACIÓN COVID-19

NORMAS E INFORMACIÓNS PRÁCTICAS PARA O ALUMNADO

USO DE MÁSCARA E HIXIENE DE MANS

O uso de máscara é obrigatorio para acceder e permanecer no centro así como levar unha de reposto. A máscara deberá utilizarse correctamente, cubrindo nariz e boca.

É obrigatoria a hixiene de mans na entrada e na saída da aula.

CIRCULACIÓN DE PERSOAS NO CENTRO

O acceso ao segundo andar realizarase pola escaleira á man esquerda. A saída realizarase pola escaleira oposta, sita á man esquerda ao saír da aula.

O alumnado debe agardar no exterior do centro ata instantes antes do comezo da súa clase. Entrará de un en un mantendo a distancia de seguridade.

Os corredores non poden utilizarse como lugar de agarda.

VENTILACIÓN DAS AULAS

As aulas ventilaranse polo menos 20 minutos antes da clase. Na medida do posible, as xanelas e portas das aulas permanecerán abertas mentres dure a clase.

No caso de temperaturas invernais, pecharanse as xanelas e faranse ventilacións cada certo tempo. Recoméndase traer pezas de roupa de abrigo os días de temperaturas baixas.

MATERIAIS E UTENSILIOS DAS AULAS

Os utensilios da aula (interruptores de luz, xanelas, mandos, dispositivos electrónicos, borrador, pomo de portas etc) deben ser manipulados exclusivamente polo profesorado.

Profesorado e alumnado deben hixienizar mesas e cadeiras antes de seren utilizadas:

1º O profesorado pulverizará mesas e cadeiras co produto hixienizante correspondente.

2º O alumnado hixienizará co papel absorbente e depositaralo na papeleira con pedal.

Os colgadoiros e paraugueiros non se poderán utilizar. O alumnado deberá utilizar o respaldo da cadeira para colgar as súas pertenzas.

Os pupitres deben permanecer orientados cara ao encerado / mesa do profesor. Non é posible cambiar a disposición ou colocación dos pupitres.

Ao finalizar, a aula deberá quedar recollida e limpa.

CONTROL DE ASISTENCIA E DISPOSICIÓN NA AULA

O alumnado terá un posto fixo na aula na medida do posible. O profesorado levará un control da asistencia e da disposición na aula de cada alumno/a. O alumnado non terá que asinar a asistencia.

Non é posible superar a capacidade máxima permitida de cada aula en ningún caso.

MODALIDADE DE ENSINO A DISTANCIA

O profesorado deberá confirmar na aula os datos de contacto do alumnado procedentes da matrícula (teléfono de contacto e email) o primeiro día de clase.

AULA COVID DE ILLAMENTO

Existe unha aula de illamento (aula 0B11, na planta baixa) para os casos que inicien síntomas no interior do centro.



APLICACIÓN RADAR COVID

Aconséllase a instalación da aplicación para teléfonos móbiles "Radar COVID" do Goberno de España. Aconséllase manter esta aplicación actualizada e activada.

SINTOMATOLOXÍA COMPATIBLE COA COVID-19 E CASOS CONFIRMADOS

Ante a detección de síntomas compatibles coa COVID-19 estando na casa ou ante a confirmación dun caso positivo, o estudante deberá contactar co centro educativo por **teléfono (886110513)** e informar ao seu docente o antes posible. O equipo Covid debe ser informado inmediatamente.

ENQUISA DE AUTOAVALIACIÓN CLÍNICA

Debe realizar a súa propia autoavaliación antes de acudir ao centro educativo.

Presentou nas últimas 2 semanas?		SI	NON
Síntomas respiratorios	Febre maior de 37,5°C		
	Tose seca		
	Dificultade respiratoria		
Outros síntomas	Fatiga severa (cansazo)		
	Dor muscular		
	Falta de olfacto		
	Falta de gusto		
	Diarrea		

Ten actualmente algún dos síntomas? Sinalar cales e cando comezaron.

		SI	NON
CONVIVIU nas últimas 2 semanas?	cunha persoa COVID-19 + confirmado?		
	cunha persoa en illamento por sospeita de infección pola COVID-19?		

COMUNICACIÓN COA COMUNIDADE EDUCATIVA

Todas as informacións xerais serán publicadas na páxina web da EOI de Vigo:
<http://www.eoidevigo.org>

Solicítase o cumprimento destas normas e a colaboración de toda a comunidade educativa.

COLABOREMOS TODOS!

